Somos Verán 2024

Preinscricións do 19 ao 21 de xuño

Actividades para nenas e nenos que cursaran Infantil ou Primaria no curso escolar 2023-2024

De luns a venres — 9:00 a 13:30 h

CEIP Virxe do Carme — En burela.org
982580867/647136673

CAMPAMENTOS

-Do 1 ao 12 de xullo

-Do 15 ao 26 de xullo

-Do 29 de xullo ao 9 de agosto

-Do 12 ao 23 de agosto

CONCELLO DE BURELA
Delegación de Medio Ambiente

Somos Verán 2024

INTRODUCCIÓN

O Concello de Burela ten programado actividades de lecer durante o verán, e para iso pon en marcha o programa Somos Verán, un programa cheo de diversión para as nenas e nenos do noso concello que cursaran Infantil ou Primaria no curso escolar 2023-2024.
As actividades levaranse a cabo no CEIP Virxe do Carme, de luns a venres de 9:00 a 13:30 dende o 1 de xullo ao 23 de agosto.

PREINSCRICIÓN

O programa Somos Verán consta de 4 campamentos: do 1 ao 12 de xullo o primeiro, o segundo do 15 ao 26 de xullo, do 29 de xullo ao 9 de agosto o terceiro e o cuarto do 12 ao 23 de agosto. Unha mesma persoa pode optar a un, varios ou todos; debendo indicar orde de preferencia (1º, 2º, 3º e 4º no caso de optar a varios ou a todos).

As prazas do programa Somos Verán son limitadas, un total de 75 por campamento, polo que haberá preinscrición, publicación de persoas admitidas e lista dagarda no caso de quedar persoas fóra.

É condición indispensable para poder optar a dito programa que a unidade familiar estea na súa totalidade empadroada en Burela. O empadroamento será comprobado polo Concello polo que non será necesario documentación algunha.

Reservaranse 6 prazas por campamento para persoas en situación de vulnerabilidade, que deberá acreditarse co respectivo informe dos servicios sociais do Concello.

No caso de ter máis solicitudes que prazas farase un sorteo para cada campamento, dándolle prioridade á primeira opción, e intentando, na medida do posible, que todos/as os/as nenos/as poidan entrar como mínimo nun campamento. No caso de que varios irmáns soliciten praza irán no sorteo xuntos/as.

A preinscrición realizarase a través do envío do formulario debidamente cumprimentado, xunto coa documentación necesaria, ao enderezo electrónico gaia@burela.org ou entregarse na oficina de Gaia do 10 ao 12 de xuño, de 8:00 a 15:00 h. A cada solicitude adxuntaráselle un número, que será remitido por correo electrónico no caso de realizar a preinscrición deste xeito, e no caso de facelo na oficina de Gaia daráselles o número nese mesmo momento; e unha vez realizado o sorteo, no caso de ter máis solicitudes que prazas, publicarase o listado de admitidos/as en cada campamento, no que aparecerán os números que entran en cada campamento. Dito listado de admitidos/as publicarase na sección de Novas da web do Concello de Burela (www.concellodeburela.gal)

Envío de preinscricións: Do 19 ao 21 de xuño.

Publicación da listaxe: O 25 de xuño.

Campamentos:

☐ Campamento 1-Do 1 ao 12 de xullo

☐ Campamento 2-Do 15 ao 26 de xullo

☐ Campamento 3-Do 29 de xullo ao 9 de agosto

☐ Campamento 4-Do12 ao 23 de agosto

Aceptación da praza:

Unha vez acadada a praza ou prazas para un ou varios campamentos deberanse cubrir os Anexos 1 e 2 en envialos por correo electrónico a gaia@burela.org ou entregalos na oficina de Gaia antes do 28 de xuño. De non facerse, considerarase que rechaza a praza e pasarase ao seguinte na lista dagarda.

SOMOS VERÁN 2024

FORMULARIO DE PREINSCRICIÓN

INFORMACIÓN DO PAI/NAI/TITOR

Nome e apelidos:

Enderezo:

DNI:	**Número de teléfono:**

Correo electrónico:

INFORMACIÓN DO/A NENO/A

Nome e apelidos:

Data de nacemento:	**Curso realizado 2023-2024:**
DNI:	**Irmáns preinscritos/as: ☐ Si ☐ Non**

Alerxias ou enfermidades a ter en conta:

CAMPAMENTO/S PARA O/OS QUE SE PREINSCRIBE(marcar orde de preferencia)

☐ Campamento 1-Do 1 ao 12 de xullo	☐ Campamento 3-Do 29 de xullo ao 9 de agosto
☐ Campamento 2-Do 15 ao 26 de xullo	☐ Campamento 4-Do12 ao 23 de agosto

CLÁUSULA DE PRIVACIDADE

Dacordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais e/ou os do menor (no seu caso) é o Concello de Burela con enderezo en Rúa Eijo Garay, nº 20, CP 27880, en Burela (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, cobro do servizo (no seu caso), así como efectuar a xestión administrativa e contable derivada da actividade. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso e explícito que nos outorga mediante la firma do presente documento e a marcación das caixas de permisos correspondentes. Nin os seus datos persoais nin os do menor serán cedidos a terceiros, salvo que exista unha obriga legal para facelo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros derechos, segundo se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita no enderezo arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica del Concello: https://burela.sedelectronica.es/info.0

ANEXO 1: NORMAS

-Os pais, nai ou titores serán puntuais á hora de traer e recoller ao neno/a a Somos Verán.

-Durante o horario de Somos Verán, os pais, nais ou titores deberán ter o teléfono operativo.

-Non está permitido que os participantes leven aparellos electrónicos a Somos Verán, en tal caso se lles retirará e se entregará ao seu pai/nai ou titor/a á hora da recollida.

-Se @s nen@s levan xoguetes ou contos a Somos Verán, os responsables dos mesmos serán el@s.

-Os/as nenos/as terán que traer roupa cómoda e que se poida manchar, e os máis pequenos unha muda, se o precisan. É obrigatorio o control de esfínteres para poder participar nas actividades.

-@s nen@s non poderán asistir ás actividades se teñen febre ou están enfermos.

-Os/as nenos/as traerán algo de comer para media mañá e auga.

Pola presente _____ con DNI _____ pai/nai ou titor/a de _____ dá a súa conformidade a estas normas e comprométese a cumprilas.

Burela a ____de _____ de _____

Asdo.

ANEXO 2: AUTORIZACIÓNS

Don/ Dona: _____ con DNI: _____, como pai, nai ou titor de: _____ (marcar cunha "X" a opción desexada):

1. Autoriza o traslado do/a neno/a ao centro de saúde ou hospital, de ser necesario, por enfermidade ou accidente SI NON

2. Autoriza á saída para realizar actividades do programa, que teñan lugar fóra do centro onde se levan a cabo as actividades de Somos Verán (é condición obrigatoria para poder inscribirse en Somos Verán 2024) SI

3. Autoriza a recollida do menor ao remate das actividades polas seguintes persoas (que non sexan pai/nai/titor legal , no caso de separación ou divorcio indicar se algún dos proxenitores non pode recoller ao/á menor)

_____

_____

_____

4. Autoriza a que o/a neno/a unha vez rematadas as actividades de Somos Verán, ás 13:30 h, saia só/soa das mesmas. SI NON

Dacordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais e/ou os do menor (no seu caso) é o Concello de Burela con enderezo en Rúa Eijo Garay, nº 20, CP 27880, en Burela (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, cobro do servizo (no seu caso), así como efectuar a xestión administrativa e contable derivada da actividade. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso e explícito que nos outorga mediante la firma do presente documento e a marcación das caixas de permisos correspondentes. Nin os seus datos persoais nin os do menor serán cedidos a terceiros, salvo que exista unha obriga legal para facelo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros derechos, segundo se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita no enderezo arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica del Concello: https://burela.sedelectronica.es/info.0

Uso de fotografías e/ou vídeos: co fin de promover a actividade desenvolvida polo Concello, a través das actividades desenvolvidas pola su área de Medio Ambiente, queremos contar co teu consentimento para a toma e publicación de imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer vostede ou, no seu caso, o menor ao seu coidado, para a súa publicación tanto na páxina web oficial do Concello, con dominio www.burela.org, no perfil aberto na rede social Facebook, co nome "Medio Ambiente-Concello de Burela" e/ou en publicacións que se poidan realizar en soporte papel e/ou en medios de comunicación sobre as actividades organizadas polo Concello.

Por favor marque a caixa que se axuste, en cada caso, cos permisos que queira darnos.

FOTOGRAFÍAS/VIDEOS

□Si, dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer o/a menor a meu cargo poida aparecer a través das canles antes mencionadas.

□Non dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer o/a menor a meu cargo.

Concello de Burela informa que en cualquera momento vostede pode retirar o consentimento facilitado para a publicación de imaxes e/ou vídeos, mediante comunicación dirixida ao enderezo arriba indicado, sen cancelar a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron desde que se concedeu o consentimento inicial ata que vostede nolo retirou.

Asdo.

Burela a _____ de _____de _____